



---

ECONOMÍA | LABORAL

## Os servizos xurídicos de CCOO volven conseguir que se respecten os dereitos das traballadoras e traballadores

**Dúas importantes sentenzas dos xulgados do social de Vigo e Lugo amosan o compromiso deste sindicato coa clase traballadora**

**06-8-2020.-** O Xulgado do Social de Vigo dálle a razón aos servizos xurídicos do sindicato e recoñece o dereito á pensión de viuvez, con carácter vitalicio, dunha vítima da violencia de xénero, logo de que lle fora denegada polo INSS. Cómpre sinalar a importancia desta resolución estimatoria pola protección que supón a un colectivo especialmente vulnerable que, nalgúns casos, vese na obriga de batallar contra a Administración en varias fronteiras xudiciais para poder ver recoñecido o seu dereito.

Por outro lado, o Xulgado do Social número 3 de Lugo dálle a razón a letrada de CCOO na súa demanda por despido NULO e vulneración de dereitos fundamentais contra a ONCE, polo despedimento dunha traballadora afiliada a CCOO e delegada sindical. A sentenza condena á ONCE a readmitila e indemnizala por vulnerar o recollido no artigo 28.1 da C.E.

Non é a primeira vez que a nosa representación sindical se ve sancionada por defender os dereitos dos seus compañeiros e compañeiras.

En CCOO non cesaremos no noso empeño de protexer os intereses das persoas traballadoras deste país.

### + Para máis información:

- Carmen Peteiro García.  
Secretaria de Servizos do S.N. de CCOO de Galicia. 628601611

**Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2020**

**GABINETE DE COMUNICACIÓN**  
Horario de verán: luns a venres, 8-15 h  
686 469 993 / 981 551 867 | [prensa@galicia.ccoo.es](mailto:prensa@galicia.ccoo.es)  
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>